

PROGRAMACIÓN IGUALDADE DE XÉNERO

CURSO 2018-19

Introdución

Debido a que neste curso se inicia a nova materia no noso centro, a programación será aberta a posibles actividades que promovan a concienciación do alumnado da igualdade das persoas.

Igualmente, posto que só se dispón dunha hora semanal e o material, ideas e contidos é moi amplo, irase precisando ao longo do curso, tendo en conta o número de alumnado, o interese, actitude e sensibilidade do mesmo sobre o tema.

Fomentarase os valores de respecto e igualdade na convivencia de homes e mulleres; para tal obxectivo, daráselles a coñecer a realidade de violencia, estereotipos, prexuízos, etc. que favorecen a discriminación da muller, para concienciar na necesidade dunha sociedade igualitaria e xusta.

Competencias básicas

A materia de Igualdade de xénero contribúe ao desenvolvemento da maioría das competencias básicas: comunicación lingüística, competencia social e cidadá, actitude para seguir aprendendo de forma autónoma, competencia cultural e artística, para a autonomía persoal, dixital e tratamento da información, incluso competencia matemática (traballo de estatísticas a nivel estatal, mundial, por exemplo).

Obxectivos

- Reflexionar sobre a necesidade das relacións igualitarias e xustas entre homes e mulleres.
- Valorar a igualdade de dereitos e oportunidades, rexeitando estereotipos e prexuízos.
- Recoñecer as situacións de discriminación que vulneran os Dereitos Humanos e da Constitución.
- Identificar as situacións de inxustiza e discriminación que sufriu a muller ao longo da historia e no día de hoxe.
- Recoñecer os principais obstáculos que impiden a igualdade: a estrutura socioeconómica e as ideoloxías de xénero na nosa cultura.
- Identificar actitudes violentas adoptando postura crítica e de denuncia.
- Favorecer a resolución de conflitos co diálogo razoado e actitude pacífica.
- Reflexionar sobre como nos condiciona a cada un de nós, de maneira persoal a sociedade de xénero. Recapacitar sobre as propias actitudes adoptando unha postura crítica.
- Valorar como contribuímos persoalmente na loita contra a desigualdade.
-

Contidos

A normativa engloba os conceptos teóricos en catro bloques:

- O sistema sexo-xénero e a construción social das identidades masculina e feminina.
 - Diferenza entre sexo e xénero.
 - Feminismo e machismo.
 - Sexismo, roles e estereotipos.
 - Identidade sexual na adolescencia.
 - Diversidade de modelos familiares.
- Relacións e sentimentos entre os sexos, convivencia.
 - Expresión dos afectos. Modelos de amor.
 - Parella e relación de poder.
 - Cambios nos roles: novas masculinidades e feminidades.
 - Habilidades sociais: autoestima, aceptación persoal e empatía cara os demais.
 - Novas tecnoloxías e relacións persoais.
- Discriminación e desigualdade de oportunidades. A visibilización da muller.
 - Dereitos humanos e igualdade de xénero.
 - As discriminacións: o poder dos costumes.
 - A transversalidade de xénero. O marco normativo.
 - Visibilidade das mulleres ao longo da historia.
 - A linguaxe inclusiva.
- A violencia exercida sobre mulleres e nenas. Cara unha sociedade sen violencia.
 - Violencia machista: desde o micromachismo á agresión física.
 - Detección de condutas violentas, prevención e rexeitamento.
 - A trata de persoas. Escravitude.
 - Solucións: como saír.

Temporalización

1º trimestre

No primeiro trimestre, debaterase sobre os conceptos incluídos no primeiro bloque de contidos expostos máis arriba. Como se indicou na introdución, é esencial que coñezan a realidade actual sobre a situación da muller na sociedade, deberán coñecer estatísticas, feitos, etc. e recoñecer que se trata dun grave problema social. Polo tanto abarcarase, ademais, contidos do cuarto bloque.

Actividades propostas:

Hai un grande abano de material para a realización de actividades: fragmentos de películas, publicidade, vídeos realizados por alumnado doutros institutos, campañas, etc.

O enfoque estará dirixido cara o *Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller*. A actividade consistirá na busca de información na prensa de casos de abusos. Investigaranse as estatísticas oficiais e recollerase semanalmente información

relacionada co tema, tanto nos xornais como nos diarios dixitais. O alumnado subliñará as palabras clave ou frases relevantes que considere. O material será exposto na semana do 25 de novembro.

Outra actividade posible sería cubrir as rúas do pobo con frases ou poemas relacionados coa igualdade. Escribiríanse con xiz para que as pintadas sexan efémeras e poder volver cando cómpre. Para esta actividade pedirase permiso ao concello. Fotografaríanse e engadiríanse á exposición de novembro.

2º trimestre

No segundo trimestre, abarcaranse os contidos do segundo e terceiro bloques, incluíndo os modelos de familias de hoxe en día, punto incluído no bloque anterior. Entramos así na convivencia entre homes e mulleres, e nos conceptos de individualidade, liberdade de decisións, respecto ás persoas como individuos, e respecto e tolerancia á variedade de afectos e relacións entre persoas libres.

Actividades propostas:

Enfocadas cara o día 8 de marzo, *Día para os Dereitos da Muller*. Estudaremos, cunha mirada crítica, fragmentos seleccionados de película (por exemplo *Figuras ocultas*, *As mulleres de verdade teñen curvas...*) de anuncios, campañas, testemuñas, etc. O que dea tempo na hora semanal para que o alumnado comprenda a invisibilización das mulleres e recoñezan a carga de responsabilidades que a sociedade lles adxudica. Leranse pequenas obras da biblioteca onde se mostren modelos de familia fóra do convencional.

Poderíase preparar, o conxunto do alumnado, unha enquisa para realizar na rúa e facer posteriormente unha estatística de como pensa a xente da zona, o nivel de tolerancia e de respecto sobre o tema de igualdade. Esta enquisa realizaríase posteriormente ás pintadas na rúa, co cal non collería de sorpresa.

3º trimestre

O terceiro trimestre estará dedicado á valorización, avaliación do que aprendemos. Traballarase a linguaxe inclusiva. E por último como detectar e previr os comportamentos humillantes e o que é unha convivencia sa entre as persoas.

As actividades deste trimestre idearanse ao longo do curso xa que é probable que non dea tempo a realizar todo o que quixeramos. Achegarase o tema dos micromachismos para que entendan que a violencia, humillación, desprezo... cara a muller, non consiste só en matalas ou violalas.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Comprender que hai un grave problema na sociedade que hai que erradicar.
Consultar e analizar os abusos exercidos sobre a muller, no mundo e no propio entorno.
Detectar e recoñecer os estereotipos e roles atribuídos aos homes e mulleres.
Valorar a liberdade de decidir de cada persoa.
Coñecer as consecuencias derivadas do maltrato.

Respectar os diferentes modelos de familias e aceptar a diversidade nas relacións afectivas dos seres humanos, sexan do sexo que sexan e desde a igualdade.

Participar na materia e respectar as normas de convivencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación, cualificación e promoción

A avaliación será continua. Apoiarase na observación do progreso do alumnado.

Os alumnos e alumnas deberán ter entregado en cada avaliación todos os traballos requiridos, individuais ou en equipo, para obter o aprobado. Valorarase a sensibilización paulatina co tema tratado, esencial para o aprobado da materia. Do mesmo xeito, avaliaranse todas as actividades realizadas, a implicación e participación, o interese mostrado, a disposición no traballo individual ou en equipo, o comportamento e a actitude e, esencial, o respecto mostrado ao resto do grupo. Realizaranse exercicios orais que poden ser individuais, en equipo, debates, etc. Non se realizarán exames de avaliación por escrito nin haberá recuperacións, posto que se emprega a metodoloxía progresiva.

A nota mínima para a promoción será de 5.

Criterios de avaliación

Coñecer os Dereitos Humanos universais.

Valorar como un principio básico de conduta individual e colectiva a igualdade entre homes e mulleres na toma de decisións e rexeitar prexuízos e estereotipos. Valorar a tolerancia, a conduta positiva e o respecto mutuo nas relacións.

Analizar as causas da diferenza de elección entre homes e mulleres, desde a nenez, no ámbito de ocio. Propoñer accións para diminuír desigualdades sexistas.

Identificar os diferentes modelos de comportamento asociados a unhas ou outros, no ámbito familiar e social e distinguir os estereotipos atribuídos a cada sexo.

Describir e explicar as consecuencias que se derivan de actitudes de abuso tanto na vida privada como na social. Identificar, en casos concretos, os estados emocionais desencadeados.

Recoñecer a importancia da linguaxe inclusiva para o avance da igualdade. Traballar en equipo de maneira igualitaria incorporando o uso da linguaxe non sexista.

Identificar e rexeitar actitudes de malos tratos e solidarizarse coas vítimas.

Recoñecer o dereito da persoa a elixir e aceptar a súa preferencia sexual.

Resolver as situacións de conflito a través do diálogo construtivo.

Coñecer os riscos para a integridade das persoas do uso incorrecto das redes sociais.

Recoñecer situacións de discriminación por razón de xénero na realidade social actual.

Identificar o papel da muller na historia e a súa ocultación.

Recoñecer os diferentes tipos de agresión exercida sobre as mulleres e comprender que as desigualdades derivan en discriminación e violencia.

Comprender e valorar as diferentes maneiras de relacionarse desde o trato igualitario.

Estándares de aprendizaxe

Analiza as causas da diferenza de elección entre homes e mulleres en situacións reais no ámbito de ocio.

Rexeita estereotipos e valora a liberdade de toma de decisións.

Analiza como inflúen na vida os modelos de comportamentos.

Identifica os novos modelos de familias.

Participa en igualdade na clase respectando as normas de convivencia.

Compara os roles nas relacións afectivas e identifica as condutas de respecto.

Intenta un diálogo conciliador para a resolución de conflitos.

Recoñece situacións discriminatorias que infrinxen os dereitos humanos.

Utiliza fontes de información, de maneira autónomo ou en equipo dependendo das indicacións da profesora.

Identifica a linguaxe inclusiva para facer visible a muller e vaina incorporando nas túas intervencións.

Identifica as agresións, maltrato, humillación ou desprezo desde os chamados micromachismos.

Recoñece os primeiros sinais de violencia e rebélate contra este tipos de condutas.

Metodoloxía

A metodoloxía será interactiva: diálogos críticos e valoracións positivas dos cambios sociais. Faranse actividades prácticas para unha convivencia na igualdade e para o desenvolvemento da súa autonomía persoal. Será unha aprendizaxe vivencial a través de métodos lúdicos, fomentarse o traballo en equipo, de cooperación e solidario.

Materias e recursos didácticos

Utilizarse diferente material sobre todo da biblioteca: dicionarios, revistas, prensa e traballarase sobre todo co soporte dixital e audiovisual, diarios, fragmentos de vídeos, campañas, fotografías, etc. Igualmente empregarase o material de biblioteca especialmente da sección específica da muller.

Elementos transversais

Relacionarase o tema de igualdade de xénero con outros temas sociais de discriminación. A identificación maltrato da muller coa pobreza, a identidade de

xénero, o dereito á variedade de relacións afectivas humanas e inclinación sexual, romper os canons de beleza femininos ou masculinos e outros.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Ao final de curso elaborárase unha avaliación da evolución da materia na que se recollerá unha memoria valorativa do proceso de aprendizaxe e unha proposta de mellora para o proceso didáctico do curso seguinte.

Revisión e procesos de mellora da programación

Trátase do primeiro ano deste programa, polo tanto haberá que valorar ao final de curso. Recollerase na memoria aqueles apartados ou obxectivos que quedaran excluídos ou non fosen totalmente acadados, ou incluíranse outros novos obtidos, para mellorar a programación do seguinte curso.

Deseño da avaliación inicial

Valoráranse, de maneira oral, os coñecementos do alumnado sobre o tema, a súa sensibilidade e consciencia dun problema grave da sociedade. En principio, expoñerán individualmente as súas ideas e posteriormente crearase un debate para estudar e analizar as características persoais de cada alumno e alumna, se son participativos, tímidos, respectuosos coas quendas de intervención, etc. As observacións serán recollidas no caderno da profesora, tales anotacións utilizaranse como punto de partida para o seguimento do progreso de cada alumno e alumna ao longo do curso.

Atención á diversidade

Posto que a materia vai ser práctica, con diversas actividades, cada alumno e alumna terá o seu ritmo, as súas capacidades, respectaranse, evidentemente, as particularidades das súas personalidades, buscarase un ambiente solidario e de axuda mutua nos traballos en equipo.

Actividades complementarias

Organízase algunha actividade en colaboración con outras materias, como por exemplo *Hábitos saudables*, posto que os temas están relacionados e ademais o alumnado é do mesmo nivel. Coordinárase algún traballo en conxunto.